

PROXECTO LECTOR 2017

IES LOSADA DIÉGUEZ



I. ÍNDICE

- Introducción.....páx.3
 - Fundamentos legais..... .páx.3
 - Proxecto lector. Requisitos que debe cumprir. Obxectivos.....páx. 6
- Obxectivos da biblioteca.....páx.7
- Funcións da biblioteca.....páx.8
- Organización da biblioteca..... páx.8
- Análise da situación da biblioteca do IES Losada Diéguez.....páx.11
- Propostas.....páx.13
- Posta en marcha e avaliación.....páx 17

II. INTRODUCCIÓN

Fundamentos legais:

Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE)

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), fai referencia á práctica da lectura. Estas son algunhas das afirmacións que fai a LOMCE sobre a lectura e as bibliotecas escolares:

CAPÍTULO I. Principios e fins da educación

Artigo 2. Fins.

2. Os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino e, en especial, a cualificación e formación do profesorado, o seu traballo en equipo, a dotación de recursos educativos, a investigación, a experimentación e la renovación educativa, o fomento da lectura e o uso de bibliotecas, a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión, a función directiva, a orientación educativa e profesional, a inspección educativa e a avaliación.

TÍTULO I. O Ensino e a súa Ordenación

CAPÍTULO III.

Educación Secundaria Obrigatoria

Artigo 23. Obxectivos

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e , se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

Artigo 25. Organización de 4º curso Educación Secundaria

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias deste curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

Artigo 26. Principios pedagógicos.

2. Nesta etapa prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias básicas e fomentarse a correcta expresión oral e escrita e o uso das matemáticas. A fin de promover o hábito da lectura, dedicarse un tempo a este fin na práctica docente de todas as materias.

Artigo 33.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

BACHARELATO

Artigo 35. Principios pedagógicos.

2. As Administracións educativas promoverán as medidas necesarias para que nas distintas materias se desenvolvan actividades que estimulen o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente en público.

Artigo 113. Bibliotecas escolares.

1. Os centros de ensino disporán dunha biblioteca escolar.
2. As Administracións educativas completarán a dotación das bibliotecas dos centros públicos de forma progresiva. A tal fin elaborarán un plan que permita alcanzar este obxectivo dentro do período de implantación da presente Lei.
3. As bibliotecas escolares contribuirán a fomentar a lectura e a que o/a alumno/a acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias e poda formarse no uso crítico destes. Igualmente, contribuirán a facer efectivo o disposto nos artigos 19.3 (Educación primaria) e 26.2 da presente Lei.
4. A organización das bibliotecas escolares deberá permitir que funcionen como un espazo aberto á comunidade educativa dos centros respectivos.
5. Os centros poderán chegar a acordos cos municipios respectivos, para o uso de bibliotecas municipais coas finalidades previstas neste artigo.

Artigo 157. Recursos para a mellora das aprendizaxes e apoio ao profesorado.

1. Corresponde ás Administracións educativas prover os recursos necesarios para garantir, no proceso de aplicación da presente Lei:

b) A posta en marcha dun plan de fomento da lectura.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa parte o vixente **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, considera a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores de centro, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Entre os requisitos destes proxectos lectores consideran a existencia dunha biblioteca escolar convenientemente atendida. Así aparece recollido nos seguintes artigos:

Artigo 11. Principios metodolóxicos:

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo deberanse deseñar actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

Artigo 38. Bibliotecas escolares e lectura

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (proxecto lector de centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición de competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

3. Os centros docentes disporán dunha biblioteca escolar. Tomaranse as medidas organizativas necesarias para que a biblioteca escolar teña un funcionamento estable e sirva aos obxectivos do proxecto lector de centro. A biblioteca ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.

4. Correspóndelle á dirección do centro docente a aprobación do programa de promoción da lectura, logo da proposta realizada polo claustro de profesorado. Procurarase a adecuada coordinación, de ser o caso, co proxecto de educación dixital do centro, de xeito que se reforce a adquisición das competencias para uso, tratamento e produción de información por parte do alumnado, e se aproveiten eficientemente os recursos ao dispor da comunidade educativa.

Requisitos que debe cumprir o proxecto lector:

- No deseño e desenvolvemento do Proxecto Lector participará todo o profesorado das distintas áreas e ciclos. As actividades previstas integraranse nas diversas programacións.
- A coordinación corresponderá, preferentemente, á persoa dinamizadora da biblioteca. Será supervisado pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobado polo Claustro e o Consello Escolar.
- Afectará a todos os niveis de ensino obrigatorio.
- A biblioteca escolar é o recurso fundamental para por en marcha o proxecto lector.
- Aproveitaranse outros recursos culturais do contorno.
- É un documento a medio prazo que se incorporará ao Proxecto Educativo de Centro.
- Será a referencia para o Plan Anual de Lectura. O Plan Anual de Lectura incorporárase á Programación Xeral Anual.

Obxectivos do Proxecto Lector:

- 1- Desenvolver a competencia lectora do noso alumnado.
- 2- Favorecer a competencia literaria.
- 3- Educar no uso crítico da información.
- 4- Fomentar o hábito da lectura.
- 5- Apoiar a adquisición das competencias básicas, especialmente: comunicación lingüística, tratamento da información e competencia dixital, competencia cultural e artística e competencia para aprender a aprender.

III. OBXECTIVOS, FUNCIÓNS E ORGANIZACIÓN DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Obxectivos das bibliotecas escolares:

A biblioteca ten como obxectivos: (**Decreto 86/2015, do 25 de xuño Artigo 38.**)

- Ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información.
- Ser un punto de encontro entre o alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias clave, as metodoloxías activas e o traballo cooperativo.
- Estimular os intercambios culturais no centro docente.

A existencia dunha biblioteca escolar, organizada e dinamizada, facilita:

- Apoio aos procesos de ensinanza e de aprendizaxe.
- Aprendizaxe autónoma.
- Tratamento da lectura comprensiva en todas as áreas curriculares.
- Desenvolvemento de habilidades e de competencias básicas.
- Achegamento aos distintos soportes e formatos nos que se transmite a información: alfabetización múltiple.
- Educación para a competencia informacional: para o uso, tratamento e produción da información.
- Integración das tecnoloxías da comunicación e da información na recollida e tratamento dela, e na selección de lecturas.
- Creación e consolidación de hábitos de lectura e de escritura.
- Acceso igualitario aos recursos culturais.
- Educación nunha vivencia saudable do tempo de lecer.
- Apoio ao alumnado con necesidades educativas específicas.

Actividades organizadas desde a biblioteca.

No deseño de programas de dinamización da biblioteca escolar, cómpre ter en conta dous tipos de **actividades**:

- **Actividades dirixidas á formación do alumnado** en tanto que usuario da biblioteca e á adquisición de habilidades e procedementos para o acceso á información e o seu tratamento.
- **Actividades de fomento da lectura**: narracións, lectura individual, lecturas compartidas, presentacións de libros, encontros con autores ou ilustradores, librofórum, clubs de lectura, apadriñamentos lectores, obradoiros

Funcións que debe cumprir a biblioteca escolar:

A biblioteca debe cumprir as seguintes funcións:

- Ser un espazo de lecturas.
- Ser centro de recursos, o servidor central do centro educativo.
- Prestar diversos servizos (lectura en sala, préstamo, información, formación de usuarios, orientacións e materiais para a educación documental, actividades de fomento da lectura, acceso a internet....)
- Ser un espazo aberto a toda a comunidade.
- Servir ao proxecto educativo do centro, poñendo a disposición da comunidade educativa os seus recursos, apoiando todos os proxectos que esta leve a cabo e atendendo ao desenvolvemento do currículo e á adquisición das competencias básicas.
- Atender as demandas de cada un dos niveis, materias e sectores da comunidade educativa.
- Atender a diversidade do alumnado.
- Compensar as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias.
- Implicar á comunidade educativa nas accións do proxecto lector
- Diseñar estratexias de animación á lectura.
- Fomentar a lectura desde un proxecto global de centro, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula.
- Impulsar a interdisciplinaridade, xa que lectura e escritura, nas que a súa vez baséase o estudo, son os cimentos de todas as materias.

Como debe estar organizada a biblioteca escolar:

(DOG Núm. 108 Mércores, 8 de xuño de 2016 no Anexo XI “Instrucións sobre a organización e funcionamento da biblioteca escolar para o curso 2016/17”

<http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anexoxi.pdf>)

Responsable da biblioteca escolar

O funcionamento eficaz da biblioteca escolar supón unha axuda fundamental para o labor de todo o profesorado, sendo necesaria a colaboración de todos e todas para a súa existencia. Porén, resulta imprescindible a presenza dunha persoa responsable deste recurso do centro.

A persoa responsable da biblioteca escolar debe ser designado pola Dirección, garantindo no posible a estabilidade e o bo funcionamento deste servizo. Para iso, terase en conta o interese, a idoneidade, a formación ou a experiencia neste ámbito, así como a dispoñibilidade horaria do profesorado. Formará parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES.

As funcións do/a responsable da biblioteca escolar son:

- Elaborar o proxecto anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro, e unha memoria final.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar)
- Colaborar o deseño e posta en práctica do Proxecto lector de centro, coordinándoo, se é o caso.
- Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.

Equipo de apoio

Estará formado por profesoras e profesores dos diferentes ciclos ou departamentos existentes no centro, que traballarán en coordinación coa persoa responsable da biblioteca para a consecución dos obxectivos previstos e a posta en marcha das actividades organizadas. A xefatura de estudos, aproveitando as marxes horarias do cadro de profesorado, preverá as necesidades da biblioteca escolar á hora de elaborar os horarios do mesmo, nos que quedará recollida a súa participación neste servizo.

As funcións dos integrantes do equipo de biblioteca son:

- Apoiar ao responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitárllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar ao deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado coa fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.
- Optimizar a utilización dos recursos existentes na biblioteca, tanto documentais como tecnolóxicos e tamén ludoeducativos, aumentando á súa proxección por medio de campañas de difusión e dándolle maior publicidade.

Comisión de Biblioteca no Consello Escolar

A Comisión de biblioteca podería ter a seguinte composición: por parte do Consello Escolar: un profesor/a, un pai/nai, un representante do Concello, un representante da Dirección; por parte da

Asociación de Nais e Pais, un representante; por parte da biblioteca pública máis próxima, o responsable; o responsable da biblioteca escolar, quen actuará como secretario/a. A comisión reunirse, como mínimo, unha vez ao trimestre, presidida pola xefatura de estudos ou o/a director/a.

As funcións desta Comisión de Biblioteca serían:

- Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas a infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.
- Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.

Equipo directivo

As funcións do equipo en relación á biblioteca directivo son as seguintes:

- Facilitar o traballo do equipo da biblioteca garantindo a estabilidade deste, e a existencia dun horario suficiente de dedicación.
- Incluír o proxecto lector no PEC.
- Posibilitar a formación documental do alumnado sensibilizando aos titores da necesidade deste tipo de formación e de dedicarlle un tempo nas horas de titoría.
- Manterse informado do que está a facer o equipo da biblioteca con reunións periódicas.

IV. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA BIBLIOTECA DO IES LOSADA DIÉGUEZ

Datos xerais do centro

O IES Antón Losada Diéguez está situado na zona escolar do Concello de A Estrada. Orixinariamente foi centro de formación profesional. Como centro de secundaria ten adscrito o CEIP de Figueiroa Coa nova rede de centros da reforma educativa pasou a impartir:

- Secundaria: ESO e bacharelato
- Ciclos formativos de grao medio e superior
- Educación de adultos
- Programa de cualificación profesional inicial e Formación Profesional Básica.
- Desde o 2008-2009 impártense cursos de inglés como centro delegado da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra.

En total hai 600 alumno/as repartido/as en 36 grupos que abrangue as ensinanzas de: ESO, Bacharelato, FP Básica, Secundaria de Adultos, Bacharelato Semipresencial Xestión administrativa, Instalación de Telecomunicacións, Electromecánica de Vehículos, Carpintaría e moble, Sistemas microinformáticos e redes, Administración e Finanzas, Salvamento e socorrismo e Emerxencias e protección civil.

A biblioteca do IES

A biblioteca do IES Losada Diéguez iniciou unha nova etapa coa integración da mesma no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares para o curso 2012/13. Coa axuda concedida en base a o proxecto presentado co nome '**A biblioteca, medio de coñecemento activo**'

http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslosadadiequez/system/files/PROXECTO%20PLAMBE_1.pdf realizouse unha importante remodelación do mobiliario e do espazo da biblioteca e leváronse a cabo numerosas actividades de animación e fomento da lectura.

Análise dos recursos e funcións da biblioteca do IES Losada Diéguez

En relación ao espazo e ao equipamento, a biblioteca do nos IES cumpre todos os requisitos esixibles: está situada na planta baixa do centro, ten fácil acceso, conta co mobiliario necesario, ten varios ordenadores a disposición do alumando e dous para a xestión dos fondos, posúe un espazo de lecer con sofás e butacas, ten pantalla e proxector e as súas paredes están recubertas de estantes. Os seus fondos ascenden a 12692 libros e películas rexistrados. En xeral, é un lugar espazoso, luminoso, acolledor e está debidamente sinalizada.

Con relación á realización de actividades, ao longo destes últimos cursos a biblioteca:

- Programou **actividades** relacionadas coa promoción da lectura
- Realizou encontros con autores/as e outros creadores/as.
- Fixo exposicións de libros e outros materiais.
- Organizou ou colaborando na organización de concursos de creación (contos, poesía, narración oral, carteis e slogans...)
- Acolleu recitais, representacións teatrais, sesións de contacontos...
- Realizou actividades de formación de usuarios/as.
- Colaborou coa aula de Teatro “Avelaíñas Teatro”

Por outra parte, mantivo activo de forma ininterrompida o **club de lectura** “@s Retellador@s do Galiñeiro” e o **blogue** co mesmo nome no que aparecen reflectidas todas as actividades relacionadas co club e coa biblioteca.

Establecéronse **relacións con outras bibliotecas e institucións** que frutificaron na organización de actividades conxuntas, na elaboración de **guías de lectura** e no intercambio de libros e ideas.

De forma xeral, actualmente cumpre coas funcións que no apartado anterior enumeramos como propias dunha biblioteca escolar, se ben sempre se pode mellorar.

Aspectos susceptibles de mellorar:

- Ser un espazo aberto a toda a comunidade
- Atender as demandas de cada un dos niveis, materias e sectores da comunidade educativa.
- Atender a diversidade do alumnado.
- Compensar as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias.
- Maior integración das TIC na biblioteca escolar.
- Maior coordinación
- Diseñar estratexias de animación á lectura.
- Fomentar a lectura desde un proxecto global de centro, incorporándoa no currículo a través de intervencións sistematizadas na aula.

V. PROPOSTAS PARA OS PRÓXIMOS CURSOS

Unha vez feita a análise da situación da biblioteca ata a data, vemos que é necesario mellorar a organización e incrementar os recursos para conseguir os obxectivos que aínda non logramos.

OBXECTIVOS:

- Mellorar a comprensión lectora e crear lectores/as autónomos/as e críticos/as.
- Fomento dos hábitos de lectura.
- Atender as demandas de cada un dos niveis, materias e sectores da comunidade educativa.
- Atender a diversidade do alumnado.
- Compensar as desigualdades socioculturais e económicas de orixe do alumnado e das familias.
- Formación de usuarios/as.
- Mellorar a organización e a coordinación.
- Fomentar a formación, información e participación das familias para que colaboren na formación lectora dos seus fillos.
- Afianzar as relacións coas outras bibliotecas da zona e aproveitar os recursos que proporciona o contorno
- Manter actualizado o blogue: **lernolosada.wordpress.com** e darlle difusión para que sexa un medio de comunicación eficiente e un recurso educativo e de cohesión.

ACTUACIÓNS:

Do equipo directivo

- Creación dunha comisión da biblioteca no seo do Consello escolar.
- Convocar e reunir aos distintos membros da comunidade escolar para poder concretar as accións do proxecto lector.
- Dedicar un tempo nos horarios das titorías a educación documental e formación de usuarios de biblioteca.
- Reunirse regularmente co equipo da biblioteca para obter información de todas as actividades levadas a cabo, facer suxestións, e coordinar actividades.
- Manter nos horarios do equipo da biblioteca a hora de reunión semanal e ter en conta nos seus horarios permitir unha dedicación suficiente.

Do equipo da biblioteca

- Clasificación e optimización dos recursos existentes na biblioteca.
- Difusión dos anteriormente citados recursos mediante o uso de carteis, da páxina web, do correo electrónico, do blogue da biblioteca e guías de lectura.
- Continuación cos clubs de lectura.
- Formación de usuarios da biblioteca, mediante a visita directa destes e ou emprego de xogos e actividades que contribúan a que o alumnado saiba utilizar os recursos da biblioteca do seu centro ou de calquera biblioteca.
- Organización de charlas de ilustradores, escritores/as,...
- Celebración de efemérides relacionadas co libro e a lectura.
- Organización de concursos literarios entre o alumnado.
- Elaboración de recomendacións de lecturas para as vacacións.
- Organización de exposicións temáticas que contribúan a sacar a biblioteca fóra das súas paredes facéndoa máis visible, aproveitando a ocasión para a adquisición de fondos sobre ese tema.
- Actividades en colaboración con outras bibliotecas da zona, coas que temos reunión periódicas.

De todo o claustro

- Facer propostas de lecturas para a “Hora de ler”.
- Seleccións de textos para os itinerarios lectores.
- Suxestións e asesoramento sobre a compra de material actual, de calidade e axustado ao currículo das distintas materias.
- Colaboración co blogue da biblioteca, co club de lectura.
- Selección de materiais electrónicos das distintas materias: páxinas web, tutoriais, programas con aplicación didáctica.
- Elaboración de traballos de investigación, wikis, webquest, que impliquen o uso da biblioteca e das TIC.
- Selección de materiais para alumnos con necesidades educativas especiais.
- Actividades nas clases de lecto-escritura que contribúan a aumentar as capacidades e competencias do alumnado: Comentario de textos incidindo na xerarquización da información, distinguindo ideas principais e secundarias; elaboración de esquemas, resumos, mapas conceptuais; traballos de sínteses, de investigación; exposicións orais; lecturas en voz alta, lecturas comentadas, en formato electrónico, etc.
- Informar e animar aos alumnos a que participen nos concursos e actividades propostas desde a biblioteca e incentivalos para que visiten as distintas exposicións organizadas por esta.
- Realizar o Plan Lector Anual

ACTIVIDADES MARCO. PROGRAMACIÓN POR CURSO.

ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER AO LONGO DE TODO O CURSO	A QUEN VAI DIRIXIDA	DEPARTAMENTOS IMPLICADOS	COORDINACIÓN
CLUB DE LECTURA	Todo o alumnado		Coordinador/a biblioteca
HORA DE LER	Alumnado ESO		Coordinador/a biblioteca
MOCHILAS VIAXEIRAS	Alumnado da ESO		Coordinador/a biblioteca
PROXECTO INTERDISCIPLINAR	Alumnado ESO e Bacharelato	Todos	Coordinador/a biblioteca
ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA (contacontos, representacións teatrais, visita de escritores/as, obradoiros...)	Todo o alumnado	Todos	Coordinador/a biblioteca
REALIZACIÓN DE GUÍAS DE LECTURA	Toda a comunidade educativa	Todos, en especial LG e LC. Colaboración cos outros IES	Coordinador/a biblioteca
ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NO PRIMEIRO TRIMESTRE	A QUEN VAI DIRIXIDA	DEPARTAMENTOS IMPLICADOS	COORDINACIÓN
FORMACIÓN DE USUARIOS/AS E CREACIÓN DO GRUPO DE VOLUNTARIADO	Alumnado ESO	BIBLIOTECA E ORIENTACIÓN	Coordinador/a biblioteca
FORMACIÓN DE USUARIOS/AS	Profesorado	Biblioteca	Coordinador/a biblioteca
CELEBRACIÓN DO DÍA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES 24 O	Todo o alumnado	Todos	Coordinador/a biblioteca
DÍA DA CIENCIA EN GALEGO	Todo o alumnado	ENDL, Bioloxía e X, Matemáticas, Tecnoloxía, F. Q...	Coordinador/a do ENDL
ACTIVIDADES PARA COMBATIR A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES 25N	Alumnado ESO e Bacharelato e ciclos formativos	Todos. Colaboración cos outros IES e o departamento de Orientación	Coordinador/a biblioteca

ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NO SEGUNDO TRIMESTRE	A QUEN VAI DIRIXIDA	DEPARTAMENTOS IMPLICADOS	COORDINACIÓN
CELEBRACIÓN DO DÍA DE CASTELAO	Alumnado ESO e Bach.	Biblioteca, ENDL e Departamento de L.G.	Coordinador/a biblioteca
CONCURSO DE MICRORELATOS E MICROPOEMAS CONVOCADO POR DINAMIZAESTRADA	A todo o alumnado	Biblioteca, ENDL e Departamento de L.G.	Coordinador/a do ENDL
DÍA DA PAZ 30 X / DÍA DO HOLOCAUSTO 31X	A todo o alumnado	Biblioteca/ Orientación/ CSS/Filosofía e Valores Éticos e todos os que queiran participar	Coordinador/a biblioteca
CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA 24 F	Alumnado ESO e Bacharelato	Biblioteca, ENDL e Departamento de L.G.	Coordinador/a biblioteca
DÍA DAS MULLERES 8M	A todo o alumnado	Todos. Colaboración cos outros IES e o departamento de Orientación	Coordinador/a biblioteca
DÍA DA POESÍA 21 M	A todo o alumnado	Biblioteca, ENDL e Departamentos de L.G e LE	Coordinador/a biblioteca
DÍA DO TEATRO 27 M	A todo o alumnado	Aula de Teatro	Aula de Teatro "Avelaíñas Teatro"
ACTIVIDADES PARA DESENVOLVER NO TERCEIRO TRIMESTRE	A QUEN VAI DIRIXIDA	DEPARTAMENTOS IMPLICADOS	COORDINACIÓN
CELEBRACIÓN DO DÍA DAS ARTES GALEGAS	Alumnado ESO e Bach.	Biblioteca, departamento de Plástica, Música, CCSS e outros	Coordinador/a biblioteca
FESTIVAL DE TEATRO ESCOLAR DA ESTRADA	Toda a comunidade	Aula de Teatro	Aula de Teatro "Avelaíñas Teatro"
CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS	A todo o alumnado	Biblioteca, ENDL e Departamento de L.G.	Coordinador/a biblioteca

POSTA EN MARCHA

O proxecto lector non pretende ser unha carga suplementaria ás labores do profesorado, nin tampouco un documento preceptivo ao que todos deban adherirse na súa totalidade por decreto, simplemente pretende dar unhas pautas de actuación para mellorar as competencias do alumnado e ofrecer ideas que invitamos a poñer en práctica para poder avalialas a posteriori á vista dos resultados.

A maior parte das actividades que se recollen no cadro anterior estanse xa a realizar, outras, só en parte, e outras esperamos ilas incorporando no futuro. Ademais destas actividades, os distintos departamentos deberán propor as lecturas para elaborar itinerarios lectores e facer o Plan Lector do Centro. É moi importante traballar de forma coordinada e organizada, evitando que as actividades se solapen unhas con outras e sobrecargar as programacións. O feito de, por exemplo, de que toda o profesorado coñeza os itinerarios lectores permitirá a calquera profesor/a ter á vista o que len os seu alumnado nas restantes materias, e así posibilitar facer axustes, encher lagoas se as houber, recolocar lecturas máis longas nos trimestres con menor carga lectora, etc.

Código de boas prácticas:

1. Buscar oportunidades lectoras. Na aula e fóra da aula atopar momentos ao longo do curso para facer da lectura co alumnado unha experiencia gozosa e útil.
2. Ningún alumno/a debería rematar os seus estudos sen saber utilizar os recursos que se atopan na biblioteca.
3. Realización enquisas para poder coñecer os hábitos e experiencias lectores, a existencia ou non de ambiente lector na casa, o uso que lle dan aos libros, a frecuencia e o tempo de dedicación á lectura, pero que tamén mida a outra gran fonte de palabra escrita: Internet, frecuencia e tempo das conexións, páxinas visitadas, uso que se da aos contidos, etc.
4. Conseguir a implicación do profesorado. É moi importante que a maior parte posible do claustro estea disposto á empregarse a prol do proxecto lector, e que recoñeza e valore o papel que ten a lectura e as novas tecnoloxías na formación dos nosos estudantes. Na medida en que un proxecto lector sexa considerado necesario e útil aumentará o número de profesores/as dispostos/as a facer súas as iniciativas que nel se sinalan, e a asumir compromisos para levalas a cabo.
5. Aumentar a formación do profesorado en competencia dixital e uso de ferramentas TIC
6. Traballo cooperativo e difusión de experiencias.
7. Coordinación. É quizais o concepto clave á hora de concretar calquera proxecto lector. **Deben programarse ao inicio de curso cantas reunións sexan necesarias e con representantes de todos os sectores implicados.**
8. A biblioteca é o servidor central. A biblioteca concentra e pon á disposición de todos/as o necesario para a realización do proxecto lector. Para que a biblioteca leve a cabo o seu cometido

debe ter garantido un investimento que lle permita ter os fondos ao día, cos necesarios expurgos e adquisicións para renovar e aumentar os recursos, responder velozmente ás suxestións que se lle fan e atender á diversidade, asesorada polo departamento de orientación.

AVALIACIÓN

Coa finalidade de que o Proxecto Lector de Centro resulte un elemento eficaz para a consecución dos obxectivos que se establecen, resulta necesario facer un seguimento valorativo que permita coñecer o seu grao de utilidade e validez. Esta avaliación será continua e tenderá a mellorar o propio proceso e os resultados obtidos, permitindo a adecuación ás necesidades que vaian xurdindo.

Para a avaliación do proxecto lector teranse en conta os seguintes indicadores:

-Melloras na educación de usuarios/as e na educación documental.

-Aumento de alumnado e profesorado implicado nas actividades da biblioteca, e en actividades relacionadas coa lectura: asistencia a charlas de autores, a exposicións de libros, recitais, obras de teatro, concursos literarios ou artísticos, lecturas en alta voz, colaboracións co blogue e club de lectura, etc.

-Estudio das indicacións que proporcionen as enquisas acerca dos hábitos lectores, os coñecementos sobre libros e literatura, a capacidade de comprensión, a capacidade de análise e síntese.

-Evolución do número de préstamos, evolución do número de alumnos/as e profesores/as que visitan a biblioteca, evolución do número de suxestións recibidas pola biblioteca.

-Ampliación dos usos da biblioteca escolar, na que se pode estudar, ler, aprender a procurar información, procurala, dar clase, asistir a unha exposición, asistir a unha conferencia, escoitar música, ver unha película, xogar a xogos de pc ou a xogos educativos, reunirse co clube de lectura, consultar prensa ou revistas, asistir a un recital, participar nun concurso de lectura ...

-Aumento dos recursos que contribúen a dar visibilidade á biblioteca: web do centro que publicita mensualmente as novidades, exposicións fóra do recinto da biblioteca, trípticos de autores, recomendacións de lectura, guías de usuarios, elaboración de programación e memoria que forman parte da programación e da memoria xeral anual do instituto, asistencia da dinamizadora ás reunións da Comisión de coordinación pedagóxica para a correcta planificación das actuacións e a súa integración no currículo.

-Aumento, diversificación e modernización dos fondos da biblioteca, e adecuación destes á demanda existente con especial atención á diversidade (alumnos/as con escasos recursos económicos, alumnos/as estranxeiros, alumnos/as con dificultades na aprendizaxe)

- Grao de implicación do equipo directivo. É importante que un membro do equipo directivo pertenza ao equipo da biblioteca para garantir unha comunicación fluída e o apoio ao proxecto lector.

Cunha **periodicidade trimestral**, o equipo da biblioteca fará unha valoración do proceso e dos resultados obtidos e tomará as decisións oportunas encamiñadas á consecución dos obxectivos propostos. **A final de curso o Claustro de Profesores, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, realizará a avaliación do P.L.C.** , que quedará recollida na correspondente acta. Por outro lado, o Consello Escolar efectuará a súa propia avaliación.

A Estrada, 2 de novembro 2017

A coordinadora da biblioteca

Carmen Diéguez González

V.P O director do IES